PLAN DE VOLUNTARIADO

Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra

1. INTRODUCCIÓN

A Asociación de Persoas Xordas de Ferrolterra, AXF, é unha **organización non gobernamental**, sen ánimo de lucro, **fundada en 1972** co obxectivo de loitar pola igualdade das persoas xordas, reivindicando a súa diversidade, o seu espazo na sociedade, os seus dereitos, a súa lingua propia, a súa identidade, e a súa cultura. En 1974 foi **declarada entidade de utilidade pública.**
O noso labor parte da defensa e o empoderamento de todas as persoas xordas e as súas familias e do fortalecemento da súa rede asociativa.

Somos membros da **Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG)** e da **Confederación Estatal de Persoas Xordas (CNSE)** e a través desta participamos a nivel europeo na **Unión Europea de Persoas Xordas (EUD)** e a **Federación Mundial de persoas xordas (WFD)**.

Conformamos unha entidade democrática que se conduce cos valores de respecto á pluralidade e diversidade, tolerancia, autonomía, liberdade de elección, e participación igualitaria ente homes e mulleres.

A nosa **Misión** é alcanzar a plena igualdade e inclusión social das Persoas Xordas a través do seu empoderamento persoal, a eliminación de barreiras de comunicación, en condicións de accesibilidade universal, e todas as accións que procuren o seu pleno desenvolvemento na comunidade.

E a nosa **Visión** representar á comunidade xorda, sendo un referente na intervención social, psicolóxica, educativa, laboral, xurídica ou cultural; defensora da Lingua de Signos e da inclusión do colectivo como membros partícipes da sociedade xeral.

Entendemos que **o voluntariado constitúe a expresión da participación activa da sociedade na loita contra as desigualdades** e no voluntariado póñense en práctica os valores de **solidariedade e compromiso** que constitúen alicerces de convivencia e desenvolvemento da nosa sociedade, e que esta entidade asume como propios.

Para a AXF o voluntariado é unha acción cidadá centrada na entrega xenerosa e gratuíta dun traballo desinteresado, para contribuír mediante a súa participación a mellorar e producir cambios na situación do colectivo de Persoas Xordas.

2. OBXETIVOS

Os obxectivos deste plan de voluntariado son os seguintes:

- **Obxectivo 1:** Promoción da autonomía e igualdade de condicións das persoas xordas.

- **Obxectivo 2:** Facilitar a participación de persoas xordas e o seu entorno en actividades de lecer ou formativas organizadas pola AXF.
- **Obxectivo 3:** Facilitar a participación de persoas xordas e familias en actividades nas áreas de servizos sociais, cultura, educación, saúde, accesibilidade e eliminación de barreiras de comunicación.
- **Obxectivo 4:** Fomentar a participación da sociedade en xeral e da propia Comunidade Xorda na difusión da LSE e a difusión de demandas e necesidades do colectivo.
- **Obxectivo 5:** Fomentar, organizar e monitorar o voluntariado.
- **Obxectivo 6:** Mellora das áreas de comunicación, publicidade e informática da asociación.
- **Obxectivo 7:** Facilitar ou acceso á información, tanto oral como escrita, mediante unha transmisión signada da mesma.

3. XESTIÓN DO VOLUNTARIADO

- **Captación:**

O equipo multidisciplinar coa Xunta Directiva realizará un estudo para establecer un número mínimo e un número máximo de voluntarios/ as para cada proxecto. Enumeraranse as características necesarias, formación requirida, os intereses e a motivación. As vías de captación empregadas pola asociación son as seguintes:

- Obradoiros de LSE
- Redes sociais
- Campañas de sensibilización
- Publicación das ofertas de voluntariado a través de páxinas web específicas en voluntariado
- Actividades socioculturais inclusivas para persoas oíntes e xordas
- Iniciativa propia

Selección:

O persoal voluntario deberá cumprir os seguintes **requisitos mínimos** con carácter xeral:

- **Ser maior de idade** e contar con estabilidade emocional, responsabilidade e compromiso adecuados para o desenvolvemento da súa actividade como voluntario.
- Respectar a **confidencialidade** da información que se manexe.
- Posuír unha **actitude positiva**, aberta e comprometida coas necesidades das persoas xordas e cara ás indicacións de AXF:
- Dispoñer de **tempo libre** suficiente para desenvolver o seu labor.

O primeiro paso e manter unha entrevista inicial para coñecer as expectativas da persoa que demostrou o seu interese por participar como voluntario/a da entidade, e informar de cal e a misión da AXF:

- A organización, fines, valores, actividades e servizos.
- Aclaración de dúbidas.

Feito isto, centrarase a entrevista na propia persoa para a recollida de distintos datos: formación, motivación, intereses e dispoñibilidade horaria.
Na derradeira fase da entrevista e despois do acordado coa persoa voluntaria en que proxecto/s vai participar, explicaráselle o seu rol, onde e como desenrolara a súa labor e funcións.

Incorporación e compromiso:

Se a persoa encaixa nas actividades de voluntariado, o seguinte paso e a firma do compromiso de colaboración como voluntario.
A incorporación dunha persoa ao equipo de voluntarios da AXF lévase a cabo mediante a sinatura do acordo de compromiso e coa tramitación dun seguro obrigatorio por parte da asociación.
Neste momento, presentarase a todo o equipo profesional da entidade e aos membros da Xunta Directiva e poñemos á súa disposición todo o apoio técnico e humano que poida precisar.

Seguimento das actividades:

Tentamos que a integración no grupo sexa o máis cómoda posible. Ofrecendo os recursos e apoio necesario.
A AXF contará cun profesional que asumirá o papel de coordinador de voluntarios e será o mediador entre o grupo de voluntarios e o equipo profesional e a xunta directiva da entidade. En cada proxecto e actividade na que unha persoa participe como voluntaria, sempre contará cun profesional de referencia que a acompañará ao longo do desenvolvemento da súa actividade voluntaria. O profesional encárgase de presentar á persoa voluntaria no programa correspondente, resolvendo todas as dúbidas que poidan xurdir, proporcionando a información e a formación necesarias.
Dende a AXF promovemos, na medida do posible, a participación activa dos voluntarios na estratexia da entidade, xa que é fundamental considerar as súas achegas e tamén estimular a motivación dos voluntarios e implica o recoñecemento das súas capacidades.

- **Recoñecemento:**

Dende a AXF lanzaremos diferentes formas de recoñecemento ao traballo desenvolto polos voluntarios, dando especial importancia a visibilizar o seu traballo.

- Recoñecemento informal: a través do contacto persoal con voluntarios, interesándose pola súa actividade, as súas inquedanzas ou as súas dúbidas, ofrecéndolles o apoio humano e técnico que nos solicitan. Este recoñecemento tamén se fará a través das redes sociais, dando a coñecer os diferentes proxectos, actividades, campañas nas que participa o voluntario e facendo referencia expresa á súa colaboración. Cando a AXF envíe unha nota de prensa aos diferentes medios, tamén rexistraremos o traballo que está a realizar o equipo de voluntarios.
- Recoñecemento formal: a materialización do recoñecemento formal realizarase mediante a emisión de certificados de colaboración cando se soliciten.

- **Saída do servizo de Voluntariado:**

Con carácter xeral a saída do servizo orixínase por:

- Decisión do voluntario/a, cando a saída solicítase antes da finalización do período de compromiso, a persoa responsable do programa entrevistarase coa persoa voluntaria, para coñecer as razóns do seu abandono.
- Decisión da entidade, nese caso haberá que establecer as causas que poidan motivar dita decisión e que virán dadas por situacións que a organización considere como faltas.
- Non saber adaptarse ás necesidades comunicativas das persoas xordas.
- Non cumprir co compromiso de confidencialidade e non respectar ás persoas xordas.
- Finalización do período de compromiso de participación voluntaria.

4. DIFUSIÓN

DIFUSIÓN: As accións de difusión da actividade voluntaria na nosa entidade abarcan os seguintes ámbitos:

WEB CORPORATIVA: A nosa web **(www.axferrolterra.org)** incorporará o presente plan así como dispoñerá de formas de contacto para todas aquelas persoas interesadas en participar no noso servizo de voluntariado.
Tamén se difundirán tanto os avisos ou necesidades como as accións realizadas de voluntariado.

REDES SOCIAIS: AXF está presente en diversas redes sociais (Facebook, Twitter, Instagram e YouTube) e difundirá a través delas tanto as necesidades ou ofertas como as accións de voluntariado realizadas.

PLATAFORMAS E REDES DE VOLUNTARIADO: Existen plataformas de voluntariado a nivel autonómico, xestionadas pola Administración **(voluntariadogalego.org)** nas que difundiranse as ofertas ou necesidades de traballo voluntario.

PROXECTOS E SERVIZOS DA ENTIDADE: En ocasións o traballo voluntario poderá inscribirse en proxectos ou servizos xa existentes e difundirse nos mesmos canles nos que se difunden estes.

Facebook

Instagram



Twitter

Youtube

5. EVALUACIÓN

Para a avaliación do plan de voluntariado empregaremos diferentes técnicas de avaliación: enquisas de satisfacción, entrevistas persoais e reunións de grupo. Tamén traballaremos no desenvolvemento de sistemas de indicadores que nos permitan avaliar as actividades realizadas, a consecución de obxectivos, ou número de horas de voluntariado ou número de cursos de formación realizados.

6. ANEXOS

A. Ficha do Volulntari@
B. Compromiso de Colaboración
C. Declaración de Confidencialidad
E. Autorización de datos LPD
F. Cuestionario de Satisfacción

7. FICHA VOLUNTARIADO

FICHA PERSOAL VOLUNTARIADO

Nome		Apelidos			
DNI		Tel.		E-mail	
Data de nacemento				Persoa xorda: SÍ ☐ NON ☐	
Disponibilidade:		Coñecementos de LSE:	☐ Non sei LSE ☐ A1-A2 ☐ B1-B2 ☐ ILSE ☐ LSE: Lingua Materna		
Formación que posee:					
Formación realizada en AXF:					
Área (s) de interés para labor voluntaria: ☐ Educación ☐ Atención Social			☐ Ocio e tempo libre ☐ LSE		
Documentación recibida: ☐ Plan voluntariado ☐ Folla protección de datos			☐ Folla confidencialidad ☐ Compromiso de voluntariado		

8. CUESTIONARIO DE SATISFACIÓN

CUESTIONARIO SATISFACIÓN PARA PERSOA VOLUNTARIA

Desde **AXF** queremos coñecer a túa opinión sobre a actividade de voluntariado da entidade para poder mellorala e ser máis eficaces tanto cos nosos usuarios e como coas persoas voluntarias. **Por favor, marca cunha X o teu grao de satisfacción cos seguintes aspectos.**

1. **Que opinas da acollida ao persoal de voluntariado? Por favor, dános a túa opinión**

	Moi Ben	Ben	Normal	Mal	Moi mal	No sei
Información recibida						
Seguimento						
Atención/trato						
Resolución de Problemas						

2. **Que opinas da coordinadora de voluntariado?**

	Moi Ben	Ben	Normal	Mal	Moi mal	No sei
Actitude						
Información recibida						
Deuche facilidades para realizar o teu traballo						

3. **Que opinas da túa experiencia na AXF?**

	Moi Ben	Ben	Normal	Mal	Moi mal	No sei
Como definirías o teu grao de satisfacción						

4. **Volverías realizar actividades de voluntariado na AXF?**

SI		**NON**	

Ideas e suxerencias para mellorar o servizo de voluntariado